

Teitos de celuloide. As creadoras no Novo Cinema Galego

Cando Xisela Franco me pediu que preparara unha presentación sobre o tema da muller no Novo Cinema Galego pensei en facer unha cousa impresionista e mesmo lúdica, tirando de accións do feminismo galego como o Todo pirolas, na que se identifican os homes e as mulleres nas fotografías institucionais e se xoga coa práctica inexistencia de féminas nalgúns ámbitos, Era a tentación de quitarlle densidade ao asunto ou de non meterme en problemas. Pero tras algunhas conversas con Xisela e Beli pensei que ao que hai que ir e aos datos brutos e sermos obxectivas. Por iso, xa vos pido desculpas polo feito de que vou acudir a cifras e porcentaxes, non será moi ameno, nin vou poñer material audiovisual, senón que vos vou remitir a que vexades as pezas escollidas neste encontro e a outras que podedes atopar na rede. Tal e como explicaba Gilles Deleuze a Michel Foucault e a súa arqueoloxía do saber, o coñecemento se move nos eixes da luz e da linguaxe, do visible e do enunciado. Aquí imos enunciar, mentres que o visible son os filmes destas creadoras que, precisamente, están feitos con luz.

A edición número 72 do festival de Venecia, entre o glamour e o oropel, e a maquinaria de márketing implacable que é a industria do cinema da actualidade, a European Women's Audiovisual Network (EWA) presentou un informe sobre as desigualdades de xénero na industria do cinema europeo, con datos tirados en 2014, de sete países, entre os que non se encontra o estado español, porque o ICAA decidiu desestimar a súa participación no informe. Nunha noticia recollida na prensa xeralista, a directora da EWA, a galega Alexia Muíños, fala da visibilidade como factor clave.

Tal e como vou defender nesta comunicación, o problema non está tanto na existencia de mulleres creadoras –veremos que as hai– senón en que os seus traballos permanecen invisibles. Se falamos, ademais, dunha cinematografía pequena e periférica como a galega, xa de por si invisibilizada, os problemas para acceder ao traballo cinematográfico das mulleres multiplícanse.

Teitos de celuloide, o título da miña aproximación está tirado dun informe titulado The celluloid ceiling que compila desde hai 18 anos o Centro para o estudo da muller no cinema e na TV da Universidade de San Diego. Nos seus datos do ano 2014, indicaban que as mulleres constituían o 20% dos equipos que traballan detrás das cámaras, pero que esta cifra baixaba ao 17% nas 250 películas máis taquilleiras do ano. De todos os filmes contemplados no estudo, 700, o 13% foran dirixidos por mulleres pero, de novo, ao considerar os 250 máis exitosos, a proporción baixaba a un 7%.

Con respecto dos datos na cinematografía europea, tirados do informe de EWA, as mulleres dirixiran o 16'3% dos filmes entre 2003 e 2012 pero estes filmes só supuxeron o 8'9% da billeteira. O informe busca dar resposta ao feito de que as mulleres produzan pero teñan máis dificultades que os homes para cuestións como facer un segundo filme, despois da épica que supuxo facer o primeiro, e para que os seus filmes cheguen aos cinemas e sexan vistos e apreciados. De feito, moitas veces na promoción dos filmes dirixidos por unha muller destácase o feito como se fora unha rareza e, o mesmo que toda a información feita sobre mulleres en ámbitos profesionais, se concentra en elementos de tipo biográfico en lugar dos estritamente profesionais. Como recentemente unha conta de Twitter fixo biografías de científicos como se foran mulleres, como sería que os homes da industria do cinema foran xulgados como mulleres? “A pesar de su prole, Ingmar Bergman encontrou tiempo para hacer decenas de obras de arte” ou “A pesar de estar pasando por un divorcio muy duro, Roberto Rossellini desplegó toda su maestría en *Viaggio in Italia*”.

O informe da EWA entende que hai tres factores que disuaden ás mulleres de traballar (ou resistir) na industria do cinema: os salarios baixos, a competitividade para conseguir axudas e a escaseza de role models ou referentes positivos. De cartos non imos falar, que é moi feo, pero si de axudas institucionais e de role models, apoiándonos no traballo sobre pequenos cinemas que leva desenvolvendo a teórica danesa Mette Hjort, quen fala das condicións necesarias para que o cinema dunha pequena nación ou dunha nación sen estado poda ser visible. Sendo pequenas entre os pequenos e periféricos, poderíamos aplicar esta teoría ás condicións que deberan darse para que as mulleres podar ter visibilidade no ámbito cinematográfico. Hjort fala de que un pequeno cinema necesita dun decidido apoio institucional e de role models ou líderes que contribúan a visibilizar o cinema e a novos talentos se animen a traballar no cinema.

Cito moito a Hjort e podería acudir á teoría feminista, pero esta analoxía do pequeno e do rol da muller paréceme moi útil e, desde estes dous elementos fixen unha pesquisa para saber que axuda institucional tiñamos as galegas para facer cinema e que visibilidade teñen as creadoras e, de habela, con quen poderían identificarse as estudantes de audiovisual nas facultades e escolas galegas.

Con respecto das axudas, e por ser o tema a muller no Novo Cinema Galego, limiteime a mergullarme nas axudas ao talento galego, que foron, desde que a Axencia Galega do Audiovisual, dirixida por Manolo González, a ferramenta financiadora básica para novos creadores, para puideran traballar se someterse, nas súas primeiras obras, ás restricións propias do sistema produtivo máis comercial. Tratábase de ver, na concesión de axudas, se había un equilibrio entre homes e mulleres que viran financiados os seus proxectos.

E aquí chegan as sorpresas, cando menos a miña, que pensaba que iría atopar esa marxe entre o 7 e 9% do que veño falando. Na primeira convocatoria que fai o bipartito destas axudas particulares, dotadas con 500.000 euros, concédense 48 axudas, das que 34 son para homes e 14 para mulleres. É algo así como un 40% das axudas. A proporción baixa un chisco na convocatoria seguinte, no ano 2010, na que se conceden 300.000 euros: de 33 axudas, 20 son para homes e 13 para mulleres. É un 39%, máis ou menos. Nos seguintes exercicios a dotación das axudas caen en picado desde o punto de vista da dotación: en 2011, 2014 e 2015, Agadic, a institución que concentra as industrias culturais baixo o goberno do Partido Popular, concede 145.000 repartidos en 18 axudas en 2011 e 13 nos dous outros anos mencionados. 2013 é o ano no que se destinan menos fondos a estas axudas, en plena reflexión da Agadic arredor do sistema económico das mesmas, que recuperan a condición de que non sexan os creadores individuais senón as empresas produtoras as que as soliciten, con 66.000 euros repartidos en 12 axudas.

Globalmente, as axudas a mulleres constitúen o 29% no periodo de 2009 a 2015, aínda que a proporción é moito máis alta nas dúas primeiras convocatorias, nas que hai moitas máis axudas repartidas, ca nas dos catro anos seguintes. Parece, e digo simplemente parece, e despois, se vos parece debatimos, que canto máis diñeiro hai, máis mulleres parece que obteñen financiamento. E, cando non, a desproporción se fai moito máis evidente.

En canto á nómina de mulleres no Novo Cinema Galego seguí a listaxe elaborada pola recente web dedicada ao Novo Cinema Galego, O arquivo das novas prácticas cinematográficas na Galiza. Hai que dicir que este tipo de iniciativas, non financiadas, cobren o oco dun traballo que debería realizar a administración pública, é dicir, elaborar informes e aportar datos sobre os resultados das axudas que conceden. Nesta listaxe aparecen 38 cineastas (separamos en dous á parella artística formada por

Vázquez e Arrieta) e deles 9 son mulleres. Un 23% de creadoras. Ademais destas autoras, nas que non sei se María Ruído ou Margarita Ledo encaixan moi ben por ter bastante obra anterior, podemos contar 28 nomes máis se contamos os nomes que van aparecendo nas resolucións das axudas de talento. Estamos falando de 37 mulleres facendo cinema con axudas ao talento nos últimos seis anos e das que vamos vendo, aos poucos, filmes de moi distinto xénero.

Da produción da que dispomos, podemos tirar algunha característica común a todas elas, aínda que non quero afondar moito neste tema, pois Margarita Ledo falará máis en profundidade sobre o feminismo no NCG. O mesmo ca os directores do movemento, as directoras comparten un interese pola experimentación audiovisual e polo traballo na non ficción como xénero ou como non xénero. Filmes nos que se traballa cos materiais, coa recuperación de formatos como o super 8 ou o 16mm, traballos de collage e filmes de apropiación. Ideas de vangarda ou a exploración do metacinematográfico son marcas comúns a estas creadoras.

Pero atopamos algunha característica específica no traballo das mulleres asociadas ao movemento como o uso do humor ou a aparición da figura da mulleres como propias das creadoras do NCG. O humor aparece en obras como Cousas do Kuleshov de Susana Rey, que xoga cun dos experimentos de montaxe máis famosa da historia do cinema, a homenaxe a John Balan de Lara Baceo, Artistiña, de Belén Montero, que aborda ironicamente a condición e o traballo artístico, ou a surrealista Bata por fóra, muller por dentro, de Claudia Brenlla, que se proxectou na mostra deste proxecto. A muller aparece como protagonista, algo non tan común nos filmes feitos polos seus colegas homes, en filmes como o xa mencionado Bata por fóra, muller por dentro, Cruz Piñón, de Xisela Franco, a curta premiada na última edición de Curtocircuito ex aequo con Lois Patiño, sobre a vida dunha muller, xa non anónima, de San Sadurniño, ou Tralas Luces, documental de Sandra Sánchez, protagonizado por unha xitana que viaxa cunha atracción polo noroeste da península ou a autobiografía en 1977 de Peque Varela.

Temos porcentaxes, temos nomes e temos obras, que supoñen moito máis do 8% dos estudos presentados no arranque desta presentación. Por que hai máis mulleres nun sistema de produción menos industrial e, desde logo, afastado do comercial? A miña interpretación é que os custes de produción, moito máis baixos, e o modelo de traballo, con equipos pequenos, favorece que as mulleres podan acceder á produción, aínda que, nas máis das ocasións, en condicións de precariedade.

Son moitas máis mulleres nestas canles de cinema alternativo e artístico e, porén, parecen moitas menos. A que se debe esta sensación de que non hai mulleres? A miña hipótese é que, se ben hai moitas creadoras no cinema galego recente, hai unha tendencia a invisibilizalas, sobre todo nos medios académicos e nos medios convencionais, que son, como diría Foucault, institucións disciplinarias. O mesmo que o cinema galego, como cinema pequeno, é invisibilizado como tal nos medios, as mulleres permanecen invisibilizadas como creadoras e sobrerrepresentadas como actrices, por exemplo.

Para descubriremos se había unha infrarrepresentación das mulleres no Novo Cinema Galego acudimos aos escritos académicos e aos textos de divulgación dos medios que recupera a web dedicada ao Novo Cinema Galego. Por canto aos escritos académicos, intentei buscar artigos dedicados a autoras do Novo Cinema Galego, algún monográfico. O único que atopei foi o realizado por Fernando Redondo e unha servidora comparando, desde o punto de vista de cinema da

diáspora, os filmes *Vickingland* de Xurxo Chirro e *A cicatriz branca*, de Margarita Ledo. Despois mencións en artigos dedicados a aspectos particulares deste cinema ou a aproximacións ao fenómeno desde o punto de vista sistémico. Aparecen mencións esporádicas a Peque Varela, que ben merece, dada a súa traxectoria, algún estudo específico, a Lara Bacelo, Sonia Méndez, María Ruído, Olalla Castro, Belén Veleiro, Sandra Sánchez e a xa citada Margarita Ledo. Sete autoras citadas, de todas as que xa falamos, en 17 artigos académicos. Hai algún comentario que merece a nosa consideración. Sobre Belén Veleiro hai unha frase que é: “El caso de Cris Lores es verdaderamente particular. Junto con su pareja, Belén Veleiro, realiza diversos trabajos de cine experimental y cine expandido”. Non sei se é necesario mencionar que Veleiro sexa a súa parella. Outra comentario interesante, desta volta de Miguel Anxo Fernández, nun artigo na revista Grial, que fala do “moi afortunado documental” de Sandra Sánchez.

Por canto aos cursos e seminarios organizados en distintas institucións, nótase un cambio substancial cando estes cursos ou ciclos están organizados por membros do movemento ou polos creadores da etiqueta Martin Pawley, José Manuel Sande e Xurxo González, ou se son organizados por persoas alleas o movemento. Por exemplo, os ciclos do CGAC de 2012, no que os comisarios son os autores de Acto de primavera, e de Bilbao, comisariado por Martin Pawley, contan con mulleres nas súas mostras, mentres que a Aula de Cine da Universidade do Oviedo, organizada por dous cineastas alleos ao NCG, Ramón Lluís Bande e Marcos M. Merino, non fan mención ningunha a creadoras.

En calquera caso, nos textos académicos non se aprecia unha perspectiva de xénero, só mencións particulares a creadoras pero non análise das súas obras (aí estriba a diferenza con respecto das análises pormenorizadas que se fan de filmes de creadores). Aí, debo dicir que a responsabilidade desa invisibilización é nosa, a das académicas, que deberíamos contribuír a esa visibilidade aportando análises e atención con perspectiva de xénero no noso traballo.

Por canto á prensa convencional, constátase a mesma invisibilidade das creadoras. Resulta interesante as dúbidas que espertou o NCG como fenómeno na crítica oficial galega, en contra da expectación que xerou en medios especializados como *Caimán* ou *Cahiers du cinema*, que dedican reportaxes ao movemento, absolutamente desprexuízadas. O artigo de *Cahiers du cinema*, que, por certo, non cita ningunha muller, celebra a existencia dun cinema “lonxe de Madrid”.

Na crítica galega, o paradoxo: a noticia do premio Fipresci que obtivo Óliver Laxe con *Todos vós sodes capitáns* (2010) foi recibida cun artigo que Miguel Anxo Fernández titulaba “E agora que?”. Pode parecer unha actitude moi galega, de desconfianza fronte ao que comeza a saír ben, pero parece, no fondo, que existe unha resistencia a recoñecer a existencia dun tipo de cinema non industrial, experimental e de vangarda que, malia a súa pequenez e modestia financeira, trunfa nos principais festivais europeos.

Nesta prensa agorera, o mesmo ca nos informes oficialistas publicados polo Consello da Cultura Galega, os nomes propios do Novo Cinema Galego van en notas ao pé de páxina, como se non mereceran ir no corpo principal do texto, no que si se recollen mención aos exteriores que roda Almodóvar en Galicia para *La piel que habito*.

Neste contexto de invisibilidade, tamén atopamos algunha excepción, normalmente da man de xornalistas con sensibilidade cultural, que nos seus artigos falando de Peque Varela ou de Sonia Méndez como Iago Martínez para o malogrado suplemento cultural de El País.

A modo de anécdota e como síntoma de como funcionan os medios, acudo á breve reportaxe do tamén suplemento de El País SModa. Aquí, o Novo Cinema Galego é presentado como unha tendencia cool, hipster na breve reportaxe “Cine gallego, viento del norte a favor”. A reportaxe está ilustrada con fotogramas de *Todos vós sodes capitáns* e penso que unha foto de Lois Patiño, un dos máis glamourosos do movemento pero, nunha revista orientada a lectoras, nada sobre mulleres cineastas, o que non deixa de resultar chocante.

Por iso que as mulleres que divulgamos coñecemento, sexamos investigadoras ou periodistas, temos a responsabilidade de sacar á fronte, ao primeiro plano, o traballo das mulleres cineastas que, á súa vez, tamén teñen que buscar o seu espazo nos medios de difusión, porque tamén o cinema que non se ve, que non se pode ver, non existe.

Un exemplo final, non galego, senón portugués, de que facer cine é posible (e necesario): Maria José Silva, unha muller, propietaria dunha queixería, que decidiu investir todos os seus cartos en facer filmes, de xeito totalmente amateur, porque lle gustaba mandar e adoraba contar historias.

Referencias

De la Calzada, Marta, 2015. ‘Cine gallego: viento del norte, a favor’, *SModa El País*, 18 xaneiro 2015. <http://smoda.elpais.com/articulos/cine-gallego-viento-del-norte-a-favor/5809>

Deleuze, G. (2014). *Michel Foucault y el poder. Viajes iniciáticos I*. Madrid: Errata Naturae.

EWA (2016). *Where are the women directors? Report on gender equality in the European film industry*: http://www.ewawomen.com/uploads/files/Exec_summary%20Berlin16.pdf

Fernández, Miguel Anxo, 2010. ‘Cine: a evolución do sector en Galicia’, en López García, Xosé & Rosa Aneiros Díaz, coords, 2010. *A comunicación en Galicia 2010*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Hjort, Mette & Duncan Petrie (eds.), 2007. *The cinema of small nations*. Edimburgo: Edinburgh University Press.

Lauzen, M. M. (2015). *Women and the Big Picture: Behind-the-Scenes Employment on the Top 700 Films of 2014*, San Diego: University of San Diego: http://womenintvfilm.sdsu.edu/files/2014_Women_and_the_Big_Picture_Report.pdf

Mulheres traídas. Um filme de Maria José Silva: <http://mulherestraidadas.blogspot.com.es/>

Novo cinema galego: <http://novocinemagalego.info/>